

A OLLADA DO CAMIÑANTE

RAFA YÁÑEZ

A Sara

*Entón, naqueles anos, os abrentes
eran un xeito de mirar as cousas,
unha ollada, se cadra, fuxidia
(xa que logo, borrosa)*

...
V. Araguas

Non acostumado a darlles o valor que precisan, o galego, amosa sorpresa ante a ollada atónita do camiñante diante dun dos moitos cruceiros. Xa viña abraiado, o camiñante, á terra allea, pois para el Galicia é terra de lendas e de contos. Tamén de crenzas e supersticións.

Coma tantos outros viaxeiros que chegaron antes a Galicia, o camiñante queda prendado polos cruceiros. Ben pouca documentación pode atopar nos libros. As máis das cousas, vainas aprendendo na viaxe, da xente que con el fala e do que pode ir observando. Decátase de seguida de que os cruceiros, aínda que respectados e coidados, non reciben a importancia artística (e se cómpre relixiosa) que realmente teñen e quedaron, co tempo, arredados dos estudos e investigacións artísticas e arqueolóxicas¹.

Non atopa datos que sitúen fielmente a aparición dos primeiros cruceiros, trátase dunha evolución chea de incógnitas. Como ocorre na Bretaña, onde hai tamén moitas cruces e calvarios, a orixe pode estar nun intento de cristianización dos menhires ou dos miliarios romanos. Nos dous casos aparecería, nun primeiro momento, a coroación

da cruz no miliario ou menhir e, máis tarde, daríasele forma ó fuste que conforma o cruceiro tal e como hoxe o pode ver o camiñante.

Outra teoría, tamén relacionada –como é lóxico– coa relixión, aproxímaos ás cruces dos peregrinos que se foron sementando ó redor do camiño de Santiago de Compostela. Neste caso aparecería primeiro o «lech», que co correr do tempo foi crescendo, non só en simboloxía como se verá máis adiante, senón tamén en tamaño e adornos.

Unha última teoría vincúlalos ó misticismo emanado das ordes mendicantes, aínda que segundo o seu contido dramático nunca se poden situar con anterioridade ó século XIII. Esta idea é corroborada por un documento do ano 1215, atopado no Arquivo da Catedral de Lugo no que se fai mención a un cruceiro, tal e como hoxe o coñecemos, como referencia topográfica².

Custoulle ó camiñante atopar un esquema no que distinguir as partes do cruceiro (xa que non se chaman igual en toda Galicia) aínda que son facilmente deducibles e recoñecibles. Seguindo o esquema que propoñemos a continuación, podemos marcar cinco partes no cruceiro (Castelao só sinala catro diferencias³). A cuestión é que Castelao non diferencia entre as graderías –como el lles chama– e a basa ou pedestal. Isto pode ser debido a que existen cruceiros que non están asentados nun graderío e só teñen basa ou porque noutros casos a basa forma unha unidade coas gradas.

De tódolos xeitos as **gradas ou plataforma**, son unha parte que realza o cruceiro engadíndolle esveltez. É un elemento que non acostuma a estar decorado, só cumpre a función de elevar o crucei-

¹ Xa no ano 1888, Bernardo Barreiro fai unha crítica disto no libro *La cruz del hombre-santo*. Agora os cruceiros, están protexidos pola lexislación española como Patrimonio Artístico.

² *Enciclopedia Galega*, tomo VIII, 1974.

³ A. R. Castelao publicou un dos poucos libros que estudian de forma exhaustiva e profunda os cruceiros: *As cruces de pedra na Galiza*. Este libro pecha o traballo adicado por este autor ás cruces de pedra co libro *As cruces de pedra na Bretaña*.



ro, ben para que poida ser visto de lonxe, ben como símbolo da súa relación coa divindade.

A **basa ou pedestal** forman parte xa do que os canteiros chaman pedra de conta. Acostuma ser de forma cuadrangular. A súa cara frontal é o lugar escollido para tallar nel as inscricións que fan alusión á data na que se rematou, ó doante que o mandou tallar ou ó motivo polo que se erixe nese lugar un cruceiro. É salientable dicir que rara vez se atopa o nome do «facedor de cruceiros». Aínda así coñecemos a identidade de algún como Domínguez ou Calviño (do século XIV), Xoán de vega ou Xoán de Vilasoa (no século XVI), Ferreiro (no século XVIII)....

Na basa encontrámonos cos primeiros motivos. Decátase o camiñante que sempre aparecen os mesmos símbolos, a caveira e/ou a serpe. Isto fai alusión á morte e ó pecado. Cómpre destacar que ámbolos dous temas fan referencia a dúas inquietudes inherentes dende o principio ó home cristián; quizais por iso son as cousas representadas na parte máis baixa dos cruceiros.

No sur de Galicia, a diferenza do resto de Galicia e de Bretaña, atopamos algúns cruceiros que

nunha das caras dos laterais teñen esculpidos retablos de ánimas.

O **fuste**, é coñecido por moitos nomes, vara, varal, estereo... A maioría dos fustes son octogonais aínda que tamén os hai cilíndricos, pero non é o máis común. Dependendo do canteiro son lisos ou estriados do mesmo xeito cós da Bretaña. Mais o que os diferencia dos bretóns e que en Galicia ás veces levan imaxes no propio fuste: santiños (segundo a devoción do doante), referencias ó pecado orixinal ou representacións alusivas á expulsión do paraíso.

A seguinte parte que diferenciamos nos cruceiros son os **capiteis**. Os capiteis mostran a capacidade creativa do canteiro xa que se lle deixaba liberdade para decoralos. Aínda así atopamos que tenden a representar formas xa consolidadas na arte como as volutas xónicas.

Por algún motivo descoñecido, os capiteis non foron desenvolvidos do mesmo xeito que o resto dos cruceiros, mostrando en moitos casos unha pobreza artística que destaca en comparación coa cruz.

Pero sen dúbida ningunha, a parte máis importante dos cruceiros son as **cruces**. O camiñante decatouse cedo da gran variedade de cruces existente. Mais o observador camiñante atopou unha estrutura básica, que se repite en tódolos cruceiros, tanto nos galegos coma nos bretóns.

No anverso ou frontal do cruceiro aparece Cristo crucificado e no reverso o máis común é unha representación da Virxe (aínda que pode non aparecer nada), ás veces o Cristo aparece acompañado da Virxe e de San Xoán (facendo a imaxe de calvario, algo moi frecuente nos antigos), tamén pode aparecer un anxo recollendo o sangue. Estas son as figuras que aparecen nos cruceiros galegos, pero debemos sinalar que nos bretóns poden aparecer moitos máis acompañantes do Cristo.

O camiñante fixo un pequeno esquema das representacións que aparecen da Virxe nos reversos dos cruceiros. Así dividiu en momentos do *Gozoso* e imaxes do *Doloroso*. No primeiro grupo incluíu as representacións de María co neno, a Inmaculada, a loita co demo, a Virxe do Socorro e a Coroación. As imaxes do Doloroso son as máis representadas e entre elas destaca a Piedade, pero tamén aparece as Angurias, a Dolorosa...

Non só o camiñante salienta como importante a imaxe da Piedade. Tanto en Galicia como en Bretaña é a figura que máis aparece. É salientable destacar dende o primeiro momento que o Cristo representado é sempre neno, quizais para facelo máis recoñecible no colo da Virxe. Tamén pode ser



para destacar a figura da Virxe que, segundo o esquema citado antes, é a protagonista da imaxe. Pero algo que sen dúbida marca isto é un factor técnico, se Cristo fose máis grande que a Virxe, as súas extremidades saírían en exceso e poderían romper facilmente no momento da talla.

A Piedade posúe unha forma romboidal, marcada pola figura de María e inscribíase dentro a figura de Cristo. Esta forma está apoiada na cruz do anverso que serve ó mesmo tempo de fondo para completar unha representación que podería ser parte da imaxinería de calquera igrexa.

Teorizando un pouco sobre os cruceiros, o camiñante observa unha evolución diacrónica e temática que parte dende o graderío e remata na cruz. Segundo se vai ascendendo, a decoración é maior e máis lograda, ata chegar á figura do Cristo que é a máis importante da representación (en moitos lugares os cruceiros son denominados «cristos»). É coma unha metáfora: a evolución dende a nada –non decoración nas gradas–, pasando polos puntos máis importantes do Cristianismo, creación do home, a morte e o pecado representadas na basa e no fuste; ata chegar á figura de Cristo e da Virxe.

Adentróuse o camiñante en Galicia chegando ó concello de Vilalba. Fai mentalmente unha rápida e sinxela división de todos aqueles cruceiros que leva observado na súa viaxe e así diferencia entre:

– Os cruceiros clásicos, aqueles sobrios e pouco decorados, esguíos e medidos. Son as cruces máis antigas e as que presentan as formas máis compactas e depuradas.

– Os cruceiros barrocos, neste grupo o camiñante inclúe aqueles cruceiros cheos de imaxes, recargados de adornos e motivos relixiosos. Tamén aqueles que tanto lle sorprenderon porque estaban pintados con cores moi vivas.


Esta diferenza entre cruceiros e a curiosidade acrecentada pola observación, leva ó camiñante a reparar na figura, case que sempre esquecida, dos canteiros.

Oíu dicir que os canteiros posúan, ou posúen a súa propia xerxa na que se comunican a cotío. Os canteiros representan unha forma de vivir que durante moito tempo foi pasando de pais a fillos coma por herdanza familiar. Non é raro atopar na familia dun canteiro un facedor de cruceiros.

Pero esta, moitas veces, atractiva forma de vida é truncada na realidade por un traballo escravo que non só precisa do esforzo e teima diario senón que o canteiro debe ser creativo e imaxinativo, amais de ter unha gran capacidade de abstracción para calcula-las medidas, xa que non existe un canon de gremio e os cruceiros son tallados a ollo.

Baixo o sol, impasible mantense día tras día, no adro da Igrexa de Tardade a pedra de conta tallada, o cruceiro no que agora se apoia o camiñante para dar un respiro. Andá moi preto da parroquia de Román, terra de onde saíron, noutro tempo, grandes canteiros coñecedores do seu traballo á perfección. Aínda hoxe podería atopar por estas terras xente, canteiros, que traballan o granito coas súas propias mans.

Poderíanlle contar estes canteiros o por qué do nome de **pedra de conta**, da que tanto oíu falar. Trátase dunha rocha granítica de gran valor por ser toda dunha peza e que foi escollida para sacar dela o cruceiro. Nela talla directamente o canteiro. A dureza intrínseca desta roca é ó mesmo tempo un beneficio e un gran inconveniente. A dureza permite que o cruceiro sexa materialmente duradeiro no tempo; pero á súa vez é freo á imaxinación e posibilidades do enxeño dos canteiros, que a cotío téñense que refuxiar na sinxeleza e na estética tradicional para evitar que se rompa o bloque co que están a traballar.



Tamén os canteiros lle poderían falar de pequenos trucos á hora da representación das imaxes da cruz. Os canteiros adoitaban deformar, para o seu beneficio, a perspectiva porque eran conscientes de que traballaban unha pedra que ía ser observada dende un plano máis baixo e isto só é perceptible dende a altura.

Culturalmente, ou se se prefire relixiosamente, tamén se atopa unha resposta a este recurso xa que moitas veces os artistas aproveitan este tipo de efectos para resaltar aquilo que máis interesa ou aquilo que debe ser o centro de atención no cruceiro.

Gustaríalle ó camiñante neste intre ser o mestre canteiro que tallou o cruceiro no que apoiou a súa bolsa de viaxe. Non só para ter a satisfacción do traballo ben feito, senón para adentrarse nas crenzas ou acontecementos que fixeron «necesaria» a situación dun cruceiro.

As cruces de pedra que o camiñante atopa en Galicia, parten as máis das veces de devocións populares polo que están cargadas de sentimento popular e dun maior dramatismo na obra de arte como tal.

Adoitaba ser un aldeán o que lle pedía ó mestre canteiro a talla dun cruceiro. Así, as inscricións que aparecen falan en moitos casos de quen foi o doante que pediu o cruceiro, a data ou os motivos específicos da construción.

A redor destas cruces vaise engrandecendo a simboloxía do mito unha vez aparecida a necesidade de creación dun elemento, case sempre, sacralizador. Un cruceiro sempre cumpre unha función

dentro dun contexto e vaise asimilando pouco a pouco á paisaxe que o rodea, ata que nalgún caso perde todo –ou parte– do seu significado inicial.

Diante del os devotos organizan ofrendas, bautismos e rezos; tamén é lugar de oración, paradas nos enterros, procesións... é como xa queda dito un elemento sacralizador de lugares perigosos como as encrucilladas de camiños, lugares de tradición supersticiosa, vellos cultos, para protexer as feiras...

Pero tamén é utilizado en moitos casos para lembranza dun feito histórico ou lendario, para darlle descanso a unha alma tras unha morte violenta, ou para evitar o trasego de almas. Os cruceiros tamén son puntos importantes dos *Via crucis* e eran utilizados para guiarse nos camiños. En moitos casos os cruceiros son as marcas utilizadas como límite de parroquias, mais é evidentemente, que esta función foi engadida a maiores depois da súa construción.

A tradición oral galega, chea de mitos, lendas e crenzas incentivou durante moito tempo a construción dos cruceiros, aínda que logo os fixo tan dos galegos que comezou a non dárselles importancia.

Andando polos camiños chegou o camiñante ata o Cristo de Lanzán, tamén na parroquia de Tardade. Observa que este Cristo está cumprindo máis dunha función das que aparecen arriba pois é ó mesmo tempo unha marca de encrucillada de camiños, guía na viaxe e sacralizador de terra afastada. É tamén un dos cruceiros máis fermosos de todos os que viu ata agora o camiñante.



O cruceiro de Lanzán móstralle ó camiñante a evolución temática dende a xénese da humanidade na basa ata a morte de Cristo na cruz. Ten no fuste ou varal unha especie de escaleira que, probablemente pretenda simbolizar unha ascensión.

Observa que aínda posúe por algún lado restos dunha antiga cor, perdida nesta época. Xa vira máis cruceiros pintados, pero agora a curiosidade enche o seu pensamento. Será cando entre no concello de Xermade, na parroquia de Burgás, onde o camiñante atopará a resposta.

Inda hoxe, existen concellos onde se seguen pintando os cruceiros, por financiación popular ou particular dos habitantes da vila. Acostuma a ser unha forma de ofrenda para pedir algún favor divino.

Tamén adoita aparecer unha inscrición na basa co nome de quen foi o que mandou pintar ou pintou o cruceiro. Isto entronca directamente coa relixiosidade e superstición propias dun pobo sufridor como é, aínda hoxe, o pobo galego.

A pintura simboliza a devoción dos fieis cara ó carácter místico das cruces. É salientable que non se acostuma pintar con cores ocre ou pálidas senón que son cores vivas e rechamantes como o amarelo,



o vermello... Tamén é frecuente atopar só pintada unha parte do cruceiro, por exemplo a imaxe da Virxe, por ser esta a que máis sona ten como redentora de pecados, angurias, ou desgracias.

Pode apreciar o camiñante que en Galicia non só predominan as cruces que coroan os cruceiros. Esta tradición relixiosa invadiu tamén aqueles lugares de traballo e próximos á vida cotiá. Deste xeito atopamos cabazos e lareiras que levan na súa parte máis alta unha cruz de cantería.

Se Irlanda é a terra das cruces, Bretaña dos calvarios, Galicia non pode ser outra que a terra dos cruceiros.

Quizais na vila, en Vilalba, o camiñante atope máis cruceiros localizados entre edificios, mingaados do seu significado e afastados da tranquilidade mística que os viu tallar.

Agora xa, só lle queda ó camiñante observalos e contemplalos con gran admiración e, se cómpre, quizais pintar ou dourar algún para ledicia daqueles que os vexan revivir.

(Fotografías: S. Jato)

Clarín

REVISTA DE NUEVA LITERATURA



Clarín es una publicación bimestral, dirigida por José Luis García Martín, en cuyas páginas se dan cita una buena parte de los mejores nombres de la literatura actual. Eduardo Jordá, Enrique Bueres, Felipe Benítez Reyes, Andrés Trapiello, Juan Bonilla, José Ángel Cilleruelo, José Manuel Fajardo y otros, son colaboradores habituales de esta revista que quiere ser una plaza pública, un lugar de encuentros, un foro abierto para todos aquellos que gozan creando, leyendo o comentando literatura.

Poetas contemporáneos, ensayos breves, entrevistas, relatos, traducciones de poesía en otras lenguas, paliques (reseñas), crónicas urbanas... son algunos de los ingredientes con los que se condimenta *Clarín* cada dos meses.

Y también es más que una revista: uno de los mejores volúmenes para su biblioteca.

Clarín, 1999

Los seis números de 1999 encuadernados en un volumen de 22,5 x 29 cm., 528 págs., y tapas duras en Geltex estampado en oro.

También están disponibles números atrasados sueltos.

Volúmenes encuadernados al precio de 4.700 Ptas.

Ejemplares sueltos al precio de 600 Ptas.

